



LA VOZ DE SU AMO
DELANTE



NON INVOLUCIONES
DENTRO



EL PENSIONAZO
DETRÁS

EDITORIAL



*En tan sólo los últimos nueve meses, de las arcas del Gobierno gallego han salido 3,4 millones de euros que han ido a parar a los bolsillos de una única empresa privada, **La Voz de Galicia**. Es decir, a un ritmo de **22.500 euros diarios**. De ese dinero, 1,4 millones se han destinado a “difundir” noticias sobre determinadas consellerías, no a través de acciones especiales o de páginas publicitarias, no, sino a través de informaciones ordinarias y diarias, las que publica*

habitualmente un periódico que no pierde oportunidad para autodenominarse independiente.

***Medio Rural**, con el grave conflicto del sector lácteo pisándoles los talones, o el departamento de **Facenda**, en plena crisis de la fusión de cajas, son algunas de las consellerías que han pagado a este diario, sin la realización previa de un concurso abierto, para publicitar sus acciones. Aunque todos sabemos que lo que realmente se compra es el silencio; que no aparezcan en el medio con mayor número de lectores de Galicia noticias críticas o que cuestionen la actuación de gobierno. ¿Cómo sino hay que interpretar que la **Cooperación Voz de Galicia** haya recibido de la **Secretaría Xeral de Comunicación** 1 millón de euros “polo emprego do galego dun xeito habitual e progresivo” cuando éste es casi inexistente en sus páginas o cuando no se manifiesta como un medio a favor de la lengua gallega? Sin meternos en la política editorial de este periódico, legítima, sí exigimos cuando menos, coherencia con las subvenciones públicas que solicita y, sobre todo, coherencia y responsabilidad al Gobierno que se las concede. ➔*



*El resto del dinero, la nada desdeñable cantidad de 2.200.000€, dinero que se nos niega a los empleados públicos y que, en definitiva, sale de los impuestos de todos los gallegos, es para costear el 10% de una nueva rotativa en la que ha sido la mayor aportación del **Igape** en lo que llevamos de Gobierno del PP. ¿Son estas prácticas nuevas? Desde luego que no, desde que la Xunta existe todos los gobiernos, populares, socialistas y nacionalistas, han recurrido a este tipo de prácticas. Sin embargo, para entender la gravedad de estas últimas ayudas hay que recordar qué ha pasado durante estos nueve meses:*

*En este tiempo, los empleados de la administración pública han visto como mermaba su capacidad adquisitiva y como la conselleira de Facenda, la señora Marta Fernández Currás (la misma que le dio a **La Voz** 149.000 euros para “explicar” los presupuestos de este año), fue la única representante de las 17 comunidades españolas que propuso en Madrid **subida salarial cero** para los trabajadores de la Administración Gallega. La misma Currás la que se niega una y otra vez a recibir a los sindicatos para negociar ya no subidas salariales sino cualquier tipo de mejoras en las condiciones laborales. Porque de dinero para sus empleados ni quiere oír hablar...*

*Pero, además, en un gesto inédito en la historia de la Administración gallega, se suspendieron los acuerdos retributivos ya firmados con la Xunta: para ello, Facenda se acogió al artículo 38.10 del EBEP, que permite este hecho siempre y cuando se justifiquen “razones excepcionales” y “por causa grave de interés público derivado de una alteración sustancial de las circunstancias económicas”. Estas razones excepcionales desaparecen, paradójicamente, cuando se trata de pagar favores a **La Voz de Galicia**, diario que, además, no ha tenido ningún tipo de reparo para, desde sus páginas y de forma impune e injustificada, tachar de poco menos que de “pequeños delincuentes” a un colectivo de empleados públicos, como es el de los **chóferes de altos cargos**, acusándoles falazmente de utilizar los medios de la Administración en beneficio propio.*

Y así, mientras la Xunta financia por un lado con subvenciones millonarias los intereses de una empresa privada de comunicación, racanea por el otro los salarios mileuristas de los empleados públicos.

*La única explicación para ello es que tal vez alguien de este gobierno ha olvidado que dentro de poco más de tres años estos mileuristas volverán a depositar su voto en urna. Y es posible que ese día **“guerra anunciada sí mate soldado”***





THE YELLOW SUBMARINE

A IGUALDADE EN VERSIÓN MARTA CURRÁS

*Pero se ben, como xa denunciámos na Editorial, a nosa excelentísima Marta Currás négase un día sí e outro tamén a falar de calquera tipo de mellora salarial para os empregados públicos, non tivo o máis mínimo rubor en, nada máis tomar posesión do seu cargo, posicionar ao seu persoal de confianza y afín a la misma “línea roja” que ella en diversos postos de **Consellos de Administración** de múltiples e variadas empresas.*

*Así, as “razóns excepcionais”, as “causas graves de interese público” e as “alteracións substanciais das circunstancias económicas”, válidas para a suspensións de acordos xa asinados, non son obstáculo para que o seu **Xefe de Gabinete**, José Antonio Pérez Martínez, fose nomeado conselleiro de Xestur-Coruña e de Autoestradas Alto de Santo Domingo-Ourense. Tan só a súa presenza no consello de Xestur repórtalle un sobresoldo de 3.000€/ano, a sumar a unhas retribucións de 61.325,23€.*

*No mesmo consello de Xestur-Coruña, a sempre excelentísima sra. Currás colocóu á súa **Xefa Territorial na Coruña**, Marta Regina Losada Trabada, a la postre irmá do que no seu día fora Secretario Xeral e man dereita do anterior Presidente executivo da Xunta, Anxo Quintanta, e coñecido por protagonizar a famosa “guerra dos rótulos”*

*Seguindo coa lista de altos cargos VIP’S axenos á crise e á política de austeridade atópase tamén a **Secretaria Xeral** da propia consellería de Facenda: Rosa Pedrosa Pedrosa, cun soldo de 65.204,61€ percibidos da Xunta de Galicia, é a súa vez conselleira da Sociedade Pública de Investimentos de Galicia (SIP Galicia).*

*Pero nesta relación de “privilexiados” non se queda atrás o **Director Xeral de Orzamentos**, o primeiro en poñer atrancos e paralizar as propostas de acordos salariais formuladas polas organizacións sindicais. Así, Miguel Corgos López, cunhas retribucións por razón do seu cargo de 61.325,39€, fai dobrete como como Presidente da SIP-Galicia e de Autoestradas Alto de Santo Domingo-Ourense.*

*Xa por último, e pechando a lista destes altos cargos cuia retribución oficial non lles permite chegar a fin de mes e teñen que buscar gratificacións complementarias, sitúase o **Director Xeral de Política Financiera**, Manuel Galdo Pérez, quen cun soldo de 63.827,30€ percibe complementos polo seu nomeamento como secretario e conselleiro de Reganosa.*

É que xa o decía George Orwell... “Todos somos iguais, pero uns máis iguais que outros”. ◀

SEN COMPLEXOS

POSTURA DA **CSI.F** FRONTE ÁS BASES PARA A ELABORACIÓN DO DECRETO DO PLURILINGÜISMO NO ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA

En Galicia existiu tradicionalmente consenso parlamentario e social en torno ás nosas dúas linguas cooficiais, consenso que nace coa Lei de Normalización Lingüística de 1983 e que continua no ano 1995 cando se aproba o Decreto que regulaba o uso do galego no ensino.

Este acordo unánime do parlamento rómpese en 2007 cando se eleva a un mínimo dun 50% a carga lectiva en galego e se formula de forma moi clara que se vai camiño da inmersión lingüística en galego nas zonas castelán falantes. Estas medidas produciron unha fractura na sociedade galega, así mentres en moitos centros estas se adoptaron sen ningún conflito, noutros, especialmente en zonas urbanas como A Coruña, Vigo, Pontevedra, Ferrol..., era patente a tensión nas aulas, nos fogares, nos claustros, na corrección das tarefas...



Dende a Central Sindical Independente e de Funcionarios, consideramos que como recolle a Lei 3/83 de Normalización lingüística "A lingua é a maior e máis orixinal creación colectiva dos galegos", e representa unha contribución importante para a construción dunha Europa baseada nos principios da democracia e da diversidade cultural. Á par que subliñamos o valor da interculturalidade e do plurilingüismo, opinamos que a protección e o estímulo das linguas autonómicas non debería facerse en detrimento da lingua común nin da necesidade cada vez máis imperiosa do dominio dunha segunda lingua comunitaria.

CSI.F é partidaria de impulsar o multilingüismo nas aulas e de que os alumnos/as conclúan o ensino obrigatorio con "plena competencia" nas dúas linguas oficiais da comunidade e na medida do posible dunha estranxeira, así como de trasladar ás aulas o espírito de respecto, comprensión e tolerancia que recomenda a Carta Europea das Linguas Rexionais.

Nas próximas negociacións CSI-F vai pedir, que tendo en conta o art.º 13.1 da lei de normalización que di literalmente "Os nenos teñen dereito a recibir o primeiro ensino na súa lingua materna", que na etapa de transición que se avexiña e en tanto en canto non se estea en disposición de impartir o terzo de materias en inglés, flexibilidade para que aqueles centros, que xa impartían a maior parte do currículo en galego sen ningún conflito, poidan seguir facéndoo, e do mesmo modo flexibilidade para aqueles outros que teñan a realidade contraria. ◀

!!!EVOLUCIONA, NON ESTRAGUES O TEU FUTURO!!!

OPOSICIÓN E CONCURSOS

OPOSICIÓN:

Proceso selectivo do A1 consolidación. Inxustiza flagrante, erro inadmisíbel, agravio comparativo... Unha das maiores vergoñas da historia da Función Pública Galega

*Froito da connivencia negocial entre CC.OO, CIG e UXT e o anterior goberno, dou como resultado o que constitúe unha das maiores vergoñas para a Función Pública Galega á vez que unha tomadura de pelo para o conxunto dos empregados públicos. Estamos a falar das bases do proceso selectivo para optar a un posto de funcionario do Grupo A pola fase de consolidación. Nada máis e nada menos que o grupo superior da Administración e, en consecuencia, o de maior remuneración. Froito deste aconchabamento negocial entre estes sindicatos de clase (pero non de escola) foi o que possibilitou que con unha soa pregunta acertada de 120 se poidera **superar a primeira fase** dunha oposición para acceder, insistimos, ao Grupo A da Xunta de Galicia.*

*O froito deste compadreo entre estes tres sindicatos sen escola e a que sen dúbida foi a peor xestión en materia de Función Pública que, sen dúbida, coñeceu a historia da Administración Galega quedaría nunha anécdota si esta aberración contida nas bases deste proceso selectivo se limitase ao primeiro exercicio. Pero non. Estes sindicatos de clase pero non de escola son realmente bos nas súas maldades: No **segundo exercicio** da oposición, e polo tanto, o determinante para a obtención da praza, a convocatoria establece que a puntuación mínima virá dada pola que acade o aspirante que quede clasificado na posición número **duascentas cincuenta**, nunha escala establecida entre o aspirante con máis puntuación outorgada polo tribunal e o que teña a menor: de novo, outro corte de nota desproporcionado tendo en conta que os aspirantes presentados a este segundo exercicio foron ao redor de 300.*

Como consecuencia desta memorable negociación entre os chamados sindicatos de clase e aquela pésima Administración poderíase aventurar sen moito risco de erro que poidan obter praza no Grupo Superior da Xunta de Galicia aspirantes sen apenas preparación e despois de realizar dous exames moi deficientes, sempre que teñan a sorte de ter a máxima puntuación na fase de concurso.

*Con todo, o que máis chama a atención é que esta “dilixencia” por parte deste triunvirato de clase á hora de negociar as bases da consolidación do Grupo A non existiu cando se tratou da negociación das bases dos procesos selectivos dos grupos máis baixos ou cando se trata de negociar unha verdadeira promoción interna. Quizá sexa debido a que estes sindicatos sufrisen unha evolución como consecuencia da globalización e pasasen de ser sindicatos de clase a **sindicatos clasistas**... ➔*



*E será pois tal clasismo o que tamén explicaría o motivo de qué estes mesmos tres sindicatos defendan que se negocie no ámbito do **Sergas** unha norma pola que calquera persoa do estado español ou membro da Unión Europea polo mero feito de ter unha titulación poida ser nomeado subdirector xeral da Xunta sen necesidade de ser funcionario nin superar un proceso selectivo.*

Pero, coma sempre, aquí nin pasa nada ni ninguén pide perdón. E a Administración segue a funcionar sen abrir as ventás para se ventilar dos malos vicios do pasado.

CONCURSOS:

Concurso de Traslados 1/2007. Funcionarios provenientes doutras Administracións: *Tal e como adiantamos no Herald Toupeiras nº 09, CSI.F segue a negociar coa Dirección Xeral de Función Pública unha solución satisfactoria para aqueles funcionarios doutras Administracións que se viron prexudicados pola modificación da Lei de Función Pública operada goberno anterior. Esperamos que esa solución satisfactoria sexa inminente.*

Acordo de mobilidade entre Xunta e Fegam: *A fin de facilitar unha mobilidade real e efectiva que beneficie aos empregados de todos os grupos, CSI.F, nunha reunión mantida o pasado 10 de febreiro, obtivo o compromiso do Director Xeral de Administración Local de que se presentará en breve prazo un borrador de Acordo Marco de mobilidade entre a Administración da Xunta de Galicia e os concellos que se adhiran ao citado Acordo*

DE HONORES Y AGRADECIMIENTOS

Nos rendimos a la evidencia: CSI.F, reconoce la importancia que se le da al papel de la CIG dentro de la Administración

!!!Click sobre la imagen para ver el vídeo!!!



DÍXOME, DÍXOME...

DÍXOME, DÍXOME que... Como venganza a no dejarse explotar laboralmente, la Directora Xeral de Saúde Pública “castiga” a cuatro de sus empleadas públicas impidiéndoles asistir a los cursos de Linguaxe Administrativa convocados por la EGAP. Dichas trabajadoras, personal laboral de la Xunta, se negaron en su día a hacer horas extraordinarias y a trabajar por turnos sin obtener a cambio compensación de ningún tipo. Como represalia a semejante ofensa por parte de estas “desagradecidas” trabajadoras, Sagrario Pérez Castellanos, Directora Xeral de Saúde Pública, mandó un escrito a la EGAP en el cual, sin motivación de ninguna clase, pidió que les negase el derecho a realizar el curso al que ya habían sido admitidas. ¿Será está la forma de promover la profesionalización de los empleados públicos en la Consellería de Pilar Farjas? Pero lo más sorprendente es que la EGAP acatase a pies juntillas la exclusión del curso de las afectadas sin ni siquiera pedir una motivación de tal decisión.



DÍXOME, DÍXOME que... A propia Pilar Farjas, e mediante Decretazo, está a tratar de crear unha nova Lei de Función Pública de aplicación no ámbito da súa consellería e pola que poderá ser Subdirector/a Xeral da Xunta calquera cidadán do Estado Español que teña titulación suficiente, pero sen necesidade de que sexa funcionario público nin que faga oposicións. A pregunta é, ¿plegaráse Marta Currás, responsable de Función Pública, a esa persoal forma da entrañable Pilar de entender a reforma administrativa? As apostas están abertas...

DÍXOME, DÍXOME que... Los Ingenieros de Montes de nuevo ingreso que en la elección de destino pidieron plaza en la Dirección Xeral de Montes, fueron objeto de presiones y coacciones por parte de algunos “jefecillos” de dicha Dirección Xeral con el objeto de que no pidiesen una plaza de nivel que está siendo ocupada de forma interina por un ex asesor de Suárez Canal. Al final, parece que dichas presiones y coacciones sí surtieron efecto. Una vez más parece confirmarse el dicho de que “segundas partes nunca fueron buenas” Y es que los autores de dichas “feas” prácticas de acoso ya habían sido también “jefecillos” en la misma Dirección Xeral con el gobierno Fraga.

Sin embargo esa consideración con los ex asesores del anterior gobierno no existe para los funcionarios de carrera y mucha antigüedad de la misma Dirección Xeral, a los cuales se les niega el derecho a la promoción profesional en otras consellerías por no caerles en gracia al titular del Departamento. Al parecer, en esa Dirección Xeral o caes en gracia o eres desgraciado.

DIXOME, DIXOME que... Quen foi aquel conselleiro do goberno socialista, e agora membro destacado da executiva do PSdG, que xa en época de crisis declarada estivo a punto de comprar con fondos públicos un vehículo para uso oficial da marca “Lexus” valorado en 150.000€ cando xa dispoñía dun Audi A8 novo? Quen mo dixo díxome tamén que este mesmo persoeiro dispoñía para o seu uso de tres tarxetas para gastos de combustible: unha coma conselleiro, outra como parlamentario e a outra ¿para uso particular? Díxome quen mo dixo que hai máis cousas que contar acerca da austeridade deste home, pero que xa mas contará nun próximo DÍXOME... ou que non. Que xa mo dirá! ◀

CSI-F REXEITA AMPLIAR A IDADE DE XUBILACIÓN AOS 67 ANOS

Dende a CSI-F rexeitamos, coa maior rotundidade, a proposta do Goberno de atrasar a idade de xubilación aos 67 anos por ser unha medida unilateral, arbitraria, inxusta e ineficaz. Unilateral por canto o Goberno está a actuar á marxe e obvia os foros establecidos para analizar, propoñer, e debater todo o relativo ás pensións; o marco do Pacto de Toledo para todos os traballadores en xeral e o Foro para o Diálogo Social para os empregados públicos.

Arbitraria e inxusta dado que o atraso na idade que se propón é de carácter xeral e forzoso sen ter en conta o tipo de traballo e profesión, sen considerar a situación persoal e condicións, esquecendo unha vez máis os anos cotizados e a vontade de cada traballador.

Ineficaz porque pretendendo aumentar o número dos contribuíntes as pensións do futuro o efecto será o contrario. A prolongación obrigatoria da xubilación limitará a entrada ao mundo do traballo dos máis novos, hoxe cun paro xuvenil superior ao 40%, e xerará graves tensións no mercado laboral. O posto do que se xubila pode ser ocupado por un novo traballador, se non hai xubilación ninguén virá a ocupar o seu posto. E iso sen falar dos efectos sobre a produtividade e as expectativas persoais dunha vida digna.

É hora de abordar seriamente e con todo o rigor a problemática global da xubilación. Ante medidas tan graves como esta faise imprescindible falar das xubilacións anticipadas, tan escandalosas nalgúns casos, (aos 50 anos ou menos, con cargo ao erario público).

Dende a CSI-F propoñemos fronte á xubilación forzosa, inxusta e igual para todos, una xubilación flexible e voluntaria, que de acordo coa idade, tendo en conta o tempo cotizado, cada traballador poida decidir o momento de xubilarse e acceder á pensión que en xustiza lle corresponda, sen topes máximos nin penalizacións.

Cremos que as medidas tendentes a reducir a xornada laboral segundo a idade do traballador, e en atención ao traballo e profesión, aplicadas de forma progresiva e negociada incentivarán o atraso da idade de xubilación.

E outras fórmulas como a xubilación parcial e voluntaria, que permitan que o traballador poida seguir en activo de forma voluntaria máis tempo sen impedir por iso que outros, máis mozos incorpórense ao traballo.

CSI-F, Sindicato independente é sempre negociador e estamos dispostos a que se poñan sobre a mesa do diálogo e a negociación todas estas cuestións e outras que se consideren, co ánimo e a vontade sincera de chegar a acordos e consensos tan necesarios nestes tempos de crise. Pero non imos a aceptar medidas como esta que ademais de non solucionar o problema máis ben o agrava. ◀

